



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Enfermería Comunitaria I	Código	750G01014	
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Cobas Couto, Elvira	Correo electrónico	elvira.cobas@udc.es	
Profesorado	Cobas Couto, Elvira	Correo electrónico	elvira.cobas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Asignatura orientada á esclarecer a aportación dos enfermeiros que traballan na comunidade no ámbito extrahospitalario. Pretende afianzar unha visión salutoxénica da saúde e dos coidados, proporcionando ferramentas propias do ámbito enfermeiro para promover a saúde a nivel individual e familiar, o empoderamento de pacientes e a potenciación de activos en saúde; pero tamén para a planificación de intervencións para promover a saúde a nivel comunitario, a partires do diagnóstico de saúde de unha comunidade e da utilización dos recursos da epidemioloxicos disponibles. Dado o patrón de cronicidade actual trabállase tamén dende a perspectiva da prevención da enfermidade, complicacións e secuelas. Os coidados de enfermaría neste ámbito están orientados á promoción do autocoidado, á prevención dos déficits de autocoidado e á facilitación do compromiso coas conductas promotoras de saúde que integran un estilo de vida saudable.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A29	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
A30	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
A31	Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde mais relevantes nunha comunidade.
A32	Analizar os datos estatísticos referidos a estudos poblacionais, identificando as posibles causas de problemas de saúde.
A33	Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.



C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
-----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Comprender o concepto de saúde e identificar e analizar os factores determinantes da saúde (biolóxicos, ambientais, estilos de vida, e sistemas sanitarios).	A29 A31 A32	B1 B16 B20	C8 C10 C11 C12
Describir a evolución histórica da saúde pública e a enfermaría comunitaria	A30 A33	B3 B6 B24	C6
Desenvolver habilidades para identificar, analizar e interpretar datos estadísticos referidos a estudos poblacionais.	A31 A32	B1 B20	C4 C6 C8 C11 C12
Describir as características e os obxetivos dos distintos tipos de estudos epidemiolóxicos. Técnicas e instrumentos de recollida de datos.		B1 B3 B6 B10	C4 C8 C11
Describir a epidemioloxía das enfermidades transmisibles e non transmisibles na comunidade.	A29 A30		C10

Contidos	
Temas	Subtemas
A SAUDE E OS SEUS FACTORES DETERMINANTES	<ul style="list-style-type: none"> - O modelo de determinantes da saúde. Valoración enfermeira dos factores da bioloxía humana, do medio ambiente, do estilo de vida o do sistema sanitario, e a súa repercusión na autonomía para o autocoidado. - O compromiso con un estilo de vida saudable como meta enfermeira. Instrumentos de valoración do estilo de vida e planificación de cuidados para promovelos: o perfil do estilo de vida de Pender. Intrumento de barreiras, beneficios e autoeficacia percibida. O PAPPS: recomendacións baseadas na investigación para a prevención da enfermidade e a promoción dun estilo de vida saudable. - Os determinantes sociais da saúde: a crisis económico-financieira e as novas identidades. Influencia na autonomía para o autocoidado. - A educación sanitaria ao servizo da promoción da saúde e da prevención da enfermidade. Modelo pragmático de Salleras. Modelo transteorético do cambio de conducta. Limitacións da educación sanitaria e perspectivas do empoderamento en saúde, empoderamento de pacientes, e do coaching en saúde. Respaldo científico.



<p>FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA E XERALIDADES DA SAÚDE PÚBLICA E ENFERMARÍA COMUNITARIA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - A saúde individual e colectiva. A salutoxénese e os activos en saúde como obxeto da saúde pública. - Modelos de atención sanitaria: bioloxicista, analítico e con perspectiva de xénero, modelo de empoderamento dos pacientes ,modelo enfermeiro salutoxénico e modelo de prevención dos déficits de autocoidado. - Concepto e funcións da saúde pública. A saúde pública en España. A promoción da saúde e a súa axenda internacional. Empoderamento, facilitación e abogacía para a saúde. - A prevención da enfermidade no mundo desenvolvido. Niveis de prevención. Evidencias de eficacia. - O diagnóstico de saúde na comunidade e a planificación sanitaria para enfermeiros comunitarios. - Da enfermaría de saúde pública á enfermaría comunitaria. Situación actual. Aportacións da enfermaría comunitaria á saúde das persoas, grupos e comunidades. Empoderamento, autocoidado e a autoatención para a saúde. A enfermeira comunitaria de enlace. As enfermeiras especialistas en enfermaría comunitaria.
<p>DEMOGRAFIA E ESTADÍSTICAS DE POBOACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Estadísticas demográficas. - Poboacións e modelos de crecemento. - Interese para os profesionais de enfermaría comunitaria.
<p>EPIDEMIOLOXÍA XERAL, CLÍNICA E APLICADA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Epidemioloxía de saúde pública. Método epidemiolóxico e aplicacións da epidemioloxía. Vixiancia epidemiolóxica - Coidados de enfermaría baseados na evidencia. - Epidemioloxía aplicada aos problemas de saúde máis prevalentes. interese para os profesionais de enfermaría.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A30 B1	2	0.5	2.5
Sesión maxistral	A29 A30 B1 B3 B6 B16 B20 B24 C6 C8	15	22.5	37.5
Lecturas	A30 A32 A33 B3 B16 C4 C8	10	10	20
Traballos tutelados	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B10 C4 C6 C8 C10 C11 C12	15	45	60
Proba obxectiva	B16 B20 B24 C10 C11 C12	2	18	20
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades iniciais dirixidas a que o alumno dispoña de información organizada sobre a súa propia saúde e o seu estilo de vida, a fin de poder utilizala como unha liña de base sobre a que articular o proceso de ensino aprendizaxe.
Sesión maxistral	Sesións utilizadas para introducir os novos temas ou subtemas, axudando ao alumno a articularlos en torno ao coñecemento do que xa dispón, poñendo atención nos aspectos claves do tema, como en aqueles de máis difícil comprensión, e nas mellores estratexias para aborda-los.
Lecturas	Textos que permiten afondar nos contidos da materia, ou coñecer aspectos novidosos que non se atopan regularmente nos libros de referencia dos que dispomos.
Traballos tutelados	Traballo dirixido a aprender o xeito en que se realizan determinados aspectos do coidado para a saúde ou cómo se utilizan os coñecementos, instrumentos ou ferramentas de que dispomos para facilitar o proceso.
Proba obxectiva	Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumno acadou os obxetivos da asignatura, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, cortas, de asociación, etc... Cada pregunta correcta puntúa un punto, e a incorrecta non puntúa, sen puntuacións intermedias para as incompletas. Acadaranse a lo menos cinco puntos para superar a asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Atención persoalizada que se proporcionará a demanda do alumno a fin de que éste poida seguir con aproveitamento o ritmo de aprendizaxe do grupo. É de especial interese para guiar o estudo daqueles alumnos que non participan regularmente na aula.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A29 A30 A31 A32 A33 B1 B3 B6 B10 C4 C6 C8 C10 C11 C12	Traballo tutelado que pode computar ata dous puntos na nota final de asignatura, sendo condición necesaria para facer o sumatorio da nota do exame e da nota do traballo, ter superado o exame con a lo menos cinco puntos. A nota do traballo virá determinada pola consecución dos obxetivos do mesmo, e polo rigor científico e metodolóxico con que o alumno o realice. Os alumnos que non acuden regularmente a clase poden solicitar seguemento de este traballo en tutoría personalizada por correo electrónico.	20
Proba obxectiva	B16 B20 B24 C10 C11 C12	Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumno acadou os obxetivos da asignatura, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, cortas, de asociación, etc... Cada pregunta correcta puntúa un punto, e a incorrecta non puntúa, sen puntuacións intermedias para as incompletas. Acadaranse a lo menos cinco puntos para superar a asignatura, de un total de oito puntos que se poden obter en esta parte da avaliación.	80

Observacións avaliación



A metodoloxía de avaliación descrita é obrigada para os alumnos de matrícula ordinaria en primeira oportunidade (xuño).

Os alumnos que concurran á segunda oportunidade (xullo) poderán escoller o mesmo sistema de avaliación -sempre que tiveran entregado en tempo os traballos propostos- ou concurrir a un exame único que computará o total da nota da avaliación. En este caso haberá dúas preguntas máis sobre as temáticas relativas aos traballos realizados durante o curso, que terán o mesmo criterio de avaliación que as oito restantes. O alumno deberá comunicar por escrito ao profesor o sistema que escolle durante a realización do exame da segunda oportunidade.

Os alumnos con matrícula a tempo parcial poden acollerse ao sistema de avaliación de exame único tanto na convocatoria de xuño como na de xullo. A calificación de Matrícula de Honra poderán obtela os alumnos que puntúen a lo menos un 9, con preferencia para as calificacións de 10. O profesor poderá dirimir quen obtén esta calificación utilizando a tal fin o contido do exame e o dos traballos tutelados. En caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas, o profesor pode convocar aos alumnos aspirantes para a realización de unha proba voluntaria que dirimirá quen obtén a calificación MH ata o máximo de matrículas permitido.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Escuela Andaluza de Salud Pública. (2010). Formación en salutogénesis y activos para la salud. Serie monografías EASP nº51. Granada. EASP - Bernard Honoré, A. (2002). A saúde em projecto. Loures. Ed. Lusociencia. Edicións técnicas e científicas. - García Suso A, Vera Cortés M, Campo Osaba A. (2001). Enfermería Comunitaria. Bases teóricas.. Madrid. Difusión avances de Enfermería. - Sánchez Moreno, A. (2000). Enfermería Comunitaria 2. Epidemiología y Enfermería. . Madrid. McGraw Hill Interamericana - Sánchez Moreno A, Aparicio Ramón V, Germán Bes C, Mazarrasa L. (2000). Enfermería Comunitaria. Tomo 1.. Madrid. McGraw Hill Interamericana. - Bernalte Benazet A, Miret García MT. (2005). Manual de Enfermería Comunitaria. LibrosEnRed - Marie Fabienne Fortin (2000). O proceso de Investigación. Loures. Lusociencia - Orem, D., Savannah, G. (1993). Modelo de Orem. Conceptos de enfermería en la práctica.. Barcelona. Ed. Científicas y Técnicas, S.A. - Icart Isern, M.T., et al. (2003). Enfermería Comunitaria II. Epidemiología.. Barcelona. Ed. Masson. - Restrepo H, Málaga H. (2001). promoción de la salud: como construir vida saludable. Colombia. Ed. Panamericana - Escuela Nacional de Sanidad (2009). Método epidemiológico.. Madrid. ISCIII - Escuela Andaluza de Salud Pública (2011). Activos para la salud y promoción de la salud mental. Experiencia formativa.. Granada EASP - Woodall J., Raine G., South J. and Warwick-Booth L. (2010). Empowerment and Health & Well-being: Evidence Review.. Centre for Health Promotion Research, Leeds Metropolitan University. - (). . - Pender NP, Murdaugh CL, Parsons MA. (). Health Promotion in Nursing Practice.. New Jersey. Prentice Hall
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías